

ENTREVISTA @S NOS@S AV@S

Estes son unha serie de contidos sobre os que poderíades centrar a conversa coa(s) persoa(s) maior(es) que ides entrevistar. Non é “obrigatorio” tocar todos, pero si nos poden servir de guía. O obxectivo último desta actividade será amosar as diferencias entre a forma de vida dos nosos maiores coas actuais, facéndonos unha sinxela pregunta final: ¿É posible outro xeito de vida?

- **Hábitos de consumo e formas de vida onte e hoxe:** cambios e permanencias entre a vida dunha persoa maior cando tiña a vosa idade e a que leva a día de hoxe.
- **A dieta:**
 - Centraremos a conversa sobre os **alimentos básicos**. Cales consumía e cales non (pensa por exemplo en froitas coma o plátano, kiwi,...), cando (festas, diario, estación do ano,...),.... :
 - leite e derivados
 - leite e pan
 - peixe e carne
 - froita e verduras
 - **Procedencia** dos alimentos: área local, produción propia, fóra de Galicia, estranxeiro,...
 - **Lugar de compra ou venda.**
 - **Envoltorios** que usaban, de que tipo, que cantidade,...
- **O consumo de enerxía :**
 - **Aparellos** no fogar e de uso diario: móbil, tv, radio, lavadora, secadora, plancha,...
 - **Alumeado:** no fogar e na rúa. Tipo e cantidade.
 - **Transportes: tipo de medios de transporte, cantidade e frecuencia de uso.**
 - **Ferramentas de traballo:** ¿enerxía que consumían?
- **Residuos:**
 - Cantidade e calidade
 - **¿Orgánicos ou inorgánicos?:** que tipo de residuos producía o seu tipo de vida.
 - Cuantificar plástico, papel, vidro,...
 - Augas residuais e fecais:
 - Diferencias vila – aldea
 - **Reciclaxe:** pensar en xeitos de reciclar que non sexan os actuais de recollida de basuras e centros industriais de reciclaxe, senon no xeito de vida dos nosos maiores e como reutilizaban moitos residuos.